

OBRADOIROS

de extensión universitaria

Campus de Ourense

1.º cuatrimestre 2024/2025



Deseño: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Destinados á cidadanía en xeral e universitarios/as

MATRÍCULA
A partir do 23 de setembro
campusactivo.uvigo.gal



OBRADOIROS

de extensión universitaria

Campus de Ourense
1.º cuatrimestre 2024/2025



MATRÍCULA
A partir do 23 de setembro
campusactivo.uvigo.gal

Universidade de Vigo

INSCRIPCIÓNS E MATRÍCULA

A matrícula farase online ata cubrir prazas

campusactivo.uvigo.gal

Prazo: do 23 de setembro ao 4 de outubro de 2024

Comunidade universitaria: 35 % de desconto no prezo da matrícula

Os cursos están recoñecidos con 1 crédito E.C.T.S. por cada 30 horas de traballo.

TAXAS

· 40 euros: para o público en xeral

· 26 euros: membros da comunidade universitaria da UVigo

As persoas pertencentes aos grupos determinados no acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 24 de xaneiro de 2023 sobre a consideración de persoa vencellada á universidade de Vigo en relación coas actividades de extensión universitaria:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/551> terán as seguintes reducións segundo ao grupo a que pertenzan:

· 32 euros: colectivo do grupo C (redución do 20 % sobre o prezo da matrícula), agás o de seguridade vial, que é gratuito

* **Presentación das aulas de teatro o martes 15 de outubro ás 20 horas no pavillón 1 do campus. Nas aulas de teatro é necesario ter capacidade de memorización dos textos e dos movementos que se vaian creando nos ensaios de cara á posta en escea final.**

AULA DE TEATRO. NIVEL 1: ROSAURA

Inicio ao mundo do teatro de xeito ameno e creativo, nunha escola teatral de referencia no resto de universidades estatais.

Dirección: Sarabela teatro

Datas: do 31 de outubro ao 30 de xaneiro. Xoves, de 19 a 22 h (35 horas)

Número de prazas: 15

Lugar de celebración: aula de teatro do pavillón 1

AULA DE TEATRO. NIVEL 2: CORDELIA

Destinado a persoas que superaron o 1º nivel, traballarás na creación do personaxe, coñecerás a dramaturxia e prepararás todos os elementos que rodean unha obra.

Dirección: Sarabela teatro

Datas: do 29 de outubro ao 21 de xaneiro. Martes, de 19 a 22 h (40 horas)

Número de prazas: 15

Lugar de celebración: aula de teatro do pavillón 1

AULA DE TEATRO. NIVEL 3: MARICASTAÑA

Irás adentrándote no universo que supón unha posta en escea, coñecendo os elementos técnicos e interpretativos sentindo a creación en grupo.

Dirección: Sarabela teatro

Datas: do 28 de outubro ao 22 de xaneiro. Luns e mércores de 19 a 22 h (60 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: aula de teatro do pavillón 1

OBRADOIRO DE MÚSICA TRADICIONAL GALEGA: GAITA E PERCUSION

O programa inclúe nocións da Música Patrimonial e Tradicional, técnicas de gaita, tipos de dixitación, estudo do repertorio, afinación, ornamentación, (percusión e combos instrumentais tradicionais).

Estes contidos, están enfocados tanto ao alumnado de iniciación como ao de perfeccionamento.

Dirección: Gonzalo Abelairas

Datas: do 10 de outubro ao 12 de decembro. Xoves, de 18.30 a 21.30 h (30 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: pavillón das asociacións

AULA DE DANZA CONTEMPORÁNEA. FORMACIÓN

Dirixido a todas as persoas interesadas no traballo creativo a través do corpo e o movemento. Aportaranse ferramentas de técnicas de danza contemporánea como Release, Flying low, Gaga technique ou Body weather e traballarase a creación escénica e coreográfica.

Dirección: Nuria Sotelo

Datas: do 8 de outubro ao 11 de decembro. Martes e mércores de 19.30 a 21.00 h (30 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: ludoteca do edificio de Facultades

AULA DE DANZA CONTEMPORÁNEA. CREACIÓN ESCÉNICA

Obradoiro de creación escénica e composición coreográfica onde se concebirá a representación de danza da aula de danza contemporánea de Ourense. Abordarase desde una perspectiva colectiva, introducindo a exploración, a improvisación, a creación, e a composición. Dirixido a persoas con experiencia previa en danza.

Dirección: Ainhoa Linaza

Datas: do 10 de outubro ao 12 de decembro. Xoves, de 19.15 a 21.15 h (20 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: ludoteca do edificio de Facultades

NOVAS LINGUAXES E HABILIDADES MAKER PARA EDUCACIÓN

Un espazo para desenvolver habilidades Maker poñendo o foco no ámbito educativo. Un espazo para a reflexión e construción conxunta no que a tecnoloxía se converte nun contexto para a mellora da práctica docente.

Dirección: Almudena Alonso Ferreiro

Datas: do 23 de outubro ao 20 de novembro. Mércores, de 16 a 20 h (22 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: aula 3.07 do edificio de Facultades

DANZAS DO MUNDO E INTERCULTURALIDADE

Obradoiro de danzas colectivas traicionáis de diferentes países, abordándolas dende a cultura, a música, o movemento e outras artes. A perspectiva pedagóxica será a da Danza Creativa/ Educativa. Coordinado pola docente Ainhoa Linaza. Para todos os públicos

Dirección: Ana María Torrado Agrasar

Datas: do 10 de outubro ao 20 de decembro. Xoves, de 17 a 19 h e venres 20 de decembro de 16 a 21 h (30 horas)

Número de prazas: 12

Lugar de celebración: ludoteca do edificio de Facultades

FERRAMENTAS ARTÍSTICAS E SOCIOAFECTIVAS PARA A INTERVENCIÓN SOCIAL

Unha introdución a un enfoque e unha caixa de ferramentas que buscan restablecer e revitalizar os sistemas ecolóxicos e sociais de maneira conxunta, tratando de artellar sistemas máis xustos, sostibles e circulares. Formación transversal complementaria para calquera estudo académico ou profesión

Dirección: Francisco J. Aguiar Fernández

Datas: 19 e 26 de outubro, 23 e 30 de novembro. Sábados, de 10 a 14 e de 16 a 20h (35 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: aula 0.0 do edificio de Ferro

INTRODUCCIÓN Á REXENERACIÓN ECOSOCIAL

Achégarnos á posta en práctica da creación de Culturas de Paz, unha forma creativa e participativa de transformar os conflitos de forma positiva e de crear comunidades cada vez máis resilentes.

Dirección: Francisco J. Aguiar Fernández

Datas: do 8 de outubro ao 26 de novembro Martes, de 18 a 20.30 h (.22 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: seminario de inglés do Pavillón 1

INTENSIDADE E FRAXILIDADE NA PINTURA ACTUAL

O obxectivo é determinar un modelo operativo de arte pictórica que responda tanto a un retrato de tempo e circunstancias actuais como ás posibilidades de creación en tempos convulsos. A fraxilidade, o inestable, o vulnerable e perecedoiro, vistos non só como síntomas senón como decidida opción de resistencia e combate estético.

Dirección: Antón Lois Fernández Álvarez

Datas: do 10 de outubro ao 25 de outubro. Xoves e venres, de 16 a 20.30 h (30 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: Aula 0.10 do edificio de Ferro

GRUPO DE CRECEMENTO PERSOAL E EMPODERAMENTO PARA MULLERES

Con este obradoiro preténdese acompañar e apoiar o crecemento persoal, e promover o empoderamento/axencia das mulleres, utilizando o traballo en grupo para deconstruír os estereotipos cos que son heterodesignadas as mulleres nas sociedades patriarcais. Dirixido a todas as mulleres da comunidade universitaria, pero tamén serán benvidas mulleres alleas a comunidade universitaria.

Dirección: María Lameiras Fernández

Datas: do 16 de outubro ao 18 de decembro. Mércores, de 18.30 a 21 h e o 18/10, de 16.30 a 21.00 h (30 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: salón de graos do edificio de Facultades

OBRADOIRO DE FORMACIÓN EN SEGURIDADE VIARIA (GRATUÍTO)

Os sinistros de tráfico son a nivel mundial a primeira causa de morte e de lesións graves para os menores de 30 anos, sendo evitables todos eles. A sanción evita condutas perigosas ao volante pero a educación e a formación erradicar os comportamentos perigosos. Ofertamos este curso multidisciplinar para alumnos de diferentes graos cun programa que aborda a temática dende múltiples perspectivas: policial, educativa, formativa e de sensibilización, co testemuño final dunha vítima de sinistro viario.

Dirección: Dirección General de Tráfico

Datas: 18, 19, 20, 21, 25 e 26 de novembro, de 18 a 21 h (20 horas)

Número de prazas: 20